

CTO. GALEGO DE NATACIÓN

JÚNIOR E INFANTIL DE INVERNO

Tempada 2017/18. Circular 17-16.

1.- Organización, datas e sede

1.1.- Celebrarase a nivel rexional en tres xornadas cunha sesión de tarde na primeira xornada e dúas de mañá e de tarde na segunda e terceira xornada.

1.2.- As datas e sede serán as establecidas no calendario de natación para a presente tempada.

1.3.- As sesións de mañá darán comezo ás 10:00 horas e as de tarde ás 17:00 horas.

1.4.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos dúas horas antes do inicio de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como a mañá da 1ª xornada previa solicitude dos clubs interesados ao clube organizador. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento até 10 minutos antes de que comece a sesión.

2.- Programa de probas

Xornada 1. Sesión de mañá.	Xornada 2. Sesión de mañá	Xornada 3. Sesión de mañá.
	9. 100 Libre Feminino 10. 100 Libre Masculino 11. 100 Braza Feminino 12. 100 Braza Masculino 13. 800 Libre Feminino 14. 50 Costas Masculino Juni 15. 50 Costas Feminino Juni 16. 4x200 Libre Masculino Infa 17. 4x100 Libre Masculino Juni	28. 1500 Libre Masculino 29. 200 Costas Feminino 30. 200 Costas Masculino 31. 200 Bolboreta Feminino 32. 200 Bolboreta Masculino 33. 50 Braza Feminino Juni 34. 50 Braza Masculino Juni 35. 4x100 Libre Masculino Infa 36. 4x200 Libre Masculino Juni
Xornada 1. Sesión de tarde.	Xornada 2. Sesión de tarde.	Xornada 3. Sesión de tarde.
1. 200 Libre Feminino 2. 200 Libre Masculino 3. 100 Bolboreta Feminino 4. 100 Bolboreta Masculino 5. 200 Estilos Feminino 6. 200 Estilos Masculino 7. 4x200 Libre Feminino Infa 8. 4x100 Libre Feminino Juni	18. 400 Libre Feminino 19. 400 Libre Masculino 20. 100 Costas Feminino 21. 100 Costas Masculino 22. 100 Estilos Feminino 23. 100 Estilos Masculino 24. 50 Bolboreta Feminino Juni 25. 50 Bolboreta Masculino Juni 26. 4x100 Libre Feminino Infa 27. 4x200 Libre Feminino Juni	37. 50 Libre Masculino 38. 50 Libre Feminino 39. 200 Braza Masculino 40. 200 Braza Feminino 41. 400 Estilos Masculino 42. 400 Estilos Feminino 43. 4x100 Estilos Masculino Infa 44. 4x100 Estilos Masculino Juni 45. 4x100 Estilos Feminino Infa 46. 4x100 Estilos Feminino Juni

* No caso de que a competición sexa en piscina de 50 metros, as probas 100 m estilos feminino e masculino, non se disputarán, manténdose a numeración das seguintes.

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

- Júnior masculino (nacidos nos anos 2000 e 2001).
- Júnior feminino (nacidas nos anos 2001 e 2002).
- Infantil masculino (nacidos nos anos 2002 – 2003).
- Infantil feminino (nacidas nos anos 2003 – 2004).
- Nadadores con discapacidade funcional e/ou visual das anteriores categorías.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores que acrediten ter realizadas as marcas mínimas asignadas. Para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual haberá unha soa marca mínima.

3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo en catro probas individuais en todo o campionato e nas remudas. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual só poderán nadar as probas indicadas no Anexo I.

3.4.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por clube e proba.

3.5.- Cada clube poderá inscribir un só equipo de remudas por proba sempre que teña acreditada a marca mínima, ben por suma de tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou realizada nunha remuda con nadadores comprendidos nas categorías de referencia.

3.6.- Un nadador que non participe nunha proba para a que estea inscrito non poderá participar en ningunha outra na mesma sesión, agás se fose dado de baixa, segundo as normas do Art. 9 do libro IV do Regulamento Xeral da FEGAN.

4.- Inscripcións

4.1.- Realizaranse a través do SDP e a acta de preinscripción que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións para cada un dos campionatos deberán obrar en poder da FEGAN 15 días antes do comezo da competición, cadrando este día a xoves, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas, remitindo o impreso correspondente xunto coa citada acta de preinscripción.

4.4.- Os nadadores con discapacidade realizarán a inscrición segundo o Anexo II da presente normativa.

5.- Fórmula de competición

5.1.- Todas as probas serán disputadas contra o reloxo. Nadaranse por separado as series das probas de categorías júnior e infantil.

5.2.- Os criterios de puntuación para todas as categorías serán os seguintes:

- Para puntuar será preciso referendar a marca mínima da proba.
- Para a puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por clube en cada proba individual, con independencia dos que participasen. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose o dereito a puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo clube.
- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual/remuda. As puntuacións nas probas individuais serán: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

- A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6.- Clasificacións

As clasificacións por clubs faranse atendendo aos seguintes criterios:

6.1.- Júnior

- a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.
- c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir). O clube que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego de Natación Júnior de Inverno.

6.2.- Infantil

- a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.
- c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir). O clube que obteña maior puntuación será proclamado Campión Galego de Natación Infantil de Inverno.

7.- Títulos e premios

7.1.- Medallas aos tres primeiros clasificados por categoría. Medalla os tres primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo o criterio que figura nas normativas do Comité Paralímpico Internacional de Natación (IPC Swimming). (Pode descargarse a normativa desde a alínea de circulares da FEGAN)

7.2.- Trofeos aos clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas no punto 6. Excepto para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual.

8. Marcas mínimas

8.1.- Serán as indicadas na circular de marcas mínimas para a presente tempada para as categorías referidas ao presente campionato.

8.2.- A data a partir da cal se consideran válidas as marcas mínimas obtidas é o 1 de xaneiro de 2017.

9. Nota final

No non previsto na presente normativa estarase ao disposto no artigo 10 do capítulo 3º do título II do libro X do "Reglamento general" da RFEN, e no seu caso, ao disposto nas normas FINA.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1-S13	S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S13	S2-S9 S11-S13	S2-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S3-S13

Anexo II

1.- A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá de enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determina a clase na que están encadrados para cada estilo. No caso de non ter a ficha expedida pola FEDDF, deberán obtela, no seguinte centro:

FIMEGA

(Dr. Carlos Alonso Hernández)

Avda. Eduardo Pondal, 68 baixo (a 200 m da Estación de Autobús e Tren)

Pontevedra

Teléfono: 986868544

É preciso solicitar cita previa, especificando que é para unha valoración funcional para a Federación Galega de Natación.

O custo da valoración correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación é conveniente achegar os informes de lesión, se se teñen.

2.- As marcas de inscrición, deberán terse conseguido en competicións oficiais, ben do calendario da FEDDF ou da FEGAN.

3.- Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN onde participen, aplicarase por parte dos Xuíces e Árbitros da competición, as recomendacións contempladas no Manual de Árbitro de Natación (CNA) no apartado N.18 Nadadores Discapacitados

<http://www.fegan.org/cms/content/view/4/5/>

4.- No momento de tramitar a licenza de deportista, deberá advertirse que se trata de un nadador con discapacidade.